

*Santa e rebelde, moderna e tradicional a un tempo, obxecto de culto e estudo dentro e fóra das nosas fronteiras. Autora de poemas, de contos, de novelas, a súa figura traspasou o carácter de clásico das nosas letras para converterse en símbolo de Galicia. Cento vinte e cinco anos despois*

Se hai un significante, unha palabra, que teña adquirido máis e máis significados, ao longo dos últimos cento cincuenta anos da lingua e da cultura galegas, ata converterse nunha pura exhalación, esa palabra é Rosalía. Muller inquieta e inquietante a un tempo, percorreu a súa idade coa ousadía dos xenios e soubo estar alerta a todas as alarmas, a todos os sinais que daban conta dun tempo novo, un tempo que ela soubo prever, visionaria, máis libre, máis galego, máis de muller.

E non foi fácil devalar por ese século sombrío, desde 1837 ata 1885, sen deixar no empeño a pel, acaso a alma, para morrer con apenas corenta e oito anos dun cancro que non estaba só no seu propio corpo senón tamén no do país. Partir do pleno romanticismo, en que se formou e encontrou o alento dos seus primeiros versos (La flor, 1857), para chegar aos ecos do simbolismo francés (Follas Novas, 1880; En las orillas del Sar, 1884), sucando mentres tanto o realismo (Cantares Gallegos, 1863), con obras plenas, rotundas, ciceladas cunha voz a un tempo musical e meditativa, popular e enigmática.

Curros Enríquez soubo vela como figura fantasmática, dez anos despois da súa morte, durante o traslado dos seus restos mortais ao Pavillón de Galegos Ilustres ("Do mar pola orella, mireina pasar. Na fronte unha estrela, no bico un cantar. E vina tan soia/ na noite sen fin/ que inda recei pola probe da tola/ eu que non teño quen rece por min"). Noriega Varela encontrou nela a nai da Saudade. ("Sol a venta e auga a molla/ e anda a probiña sen guía/ buscando quen a recolla/ desque morreu Rosalía"). Luís Pimentel asegurou que con ela remataba o tempo do pranto para Galicia ("Non convén chorar máis. Ela chorou por todos e pra sempre"). Os ensaístas de Galaxia viron nela os fundamentos do pensamento existencialista. E axiña chegarían novas perspectivas críticas a dar conta dunha autora contestataria ("Castellanos de Castilla"), feminista ("A Xusticia pola Man"), visionaria ("Negra Sombra")...

## Na fronte unha estela

125 cabodano de Rosalía de Castro

MANUEL FORCADELA



Rosalía converteuse así no símbolo de Galicia. Símbolo como premio e, tamén, como castigo. Santa e rebelde. Obxecto de culto e de desprezo. Premio por ter enxergado os estragos que a decadencia do Antigo Réxime causaba no país; castigo por atreverse a denuncialos. Santa porque a súa lealdade aos principios da revolución (liberdade, igualdade, fraternidade), e dun certo cristianismo, estivo por enriba de calquera outra tentación. Rebelde porque eses principios foron durante moitas décadas, aínda despois da súa morte, insoportables para o conxunto dos poderes económicos e políticos. Obxecto de culto porque a calidade da súa obra e a singularidade da súa figura só podían engalanarse coa aura dos grandes autores. Obxecto de desprezo porque a súa defensa das clases populares, das mulleres, da afirmación nacional de Galicia, era daquela, como hoxe, materia de escaso aprecio nas mentes benpensantes.

Autora dun cento de poemas inesquecibles, de contos, de novelas, converteríase nunha das figuras máis analizadas da historia da Literatura Universal. Mesmo o polémico Harold Bloom non esquece mencionala no seu controvertido Canon Occidental. A súa vida garda, ademais, un enigmático paralelismo con esoutra poeta das sombras en lingua inglesa (Emily Dickinson) con quen comparte, ademais dunha chea de coincidencias literarias, as décadas de morte e nacemento. Moderna e tradicional a un tempo, Rosalía soubo, desde a vangarda da súa época, incorporar as transformacións que a convulsa Europa foi producindo en materia literaria, sen deixar de ter sempre presente o ecoar das voces do pobo. Ademais, Rosalía pensou, formulou situacións e comentarios, que xorden a través dos seus personaxes, dunha actualidade candente. Atreveuse a deixar de cantar "ás pombas e ás flores" con eficacia recoñecida e con enorme valentía. Soubo elaborar unha resposta crítica ao seu tempo sen perder en finura, en categoría, en sobriedade.

Dicir Rosalía é xa dicir todo e nada. O seu signo medra e o seu significado faise máis e máis inatinxible. Congresos e simposios, xornadas e debates, libros, conferencias, documentais, non conseguen abranxer a súa densidade, a súa identidade, tan chea de sentido se nos revela a súa obra, a súa escondida biografía, o seu misterioso talento.

**FARO DA CULTURA** reanudarà a súa publicación o *xoves, 16 de setembro*. Desexámoslles aos nosos lectores, mentres, un moi feliz verán.